



Centristas de Carballo

Moción que presenta o Grupo Municipal de Terra Galega de Carballo, para a súa inclusión na orde do día da próxima sesión plenaria, para o seu debate e aprobación, ao abeiro do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o Real Decreto 2568/1986 de Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 97.3:

MOCIÓN PARA A ADQUISICIÓN, POR PARTE DO CONCELLO DE CARBALLO, DO POLÍGONO UU-R20

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na sesión plenaria celebrada o día 31 de xullo de 2017, o Pleno da corporación aprobou con once votos a favor (BNG), sete abstencións (PP e PSdG-PSOE), e tres votos en contra (Terra Galega), unha modificación de crédito para destinar 1.495.763,09 € de supéravit do orzamento de 2016 a financiar varias obras, entre elas a “Reurbanización zona CEIP A Cristina” por un importe de 357.014,99€.

No anexo 8. Anexo xustificativo das modificacións realizadas no documento aprobado provisionalmente o 2 de febreiro de 2015 do PXOM de Carballo, propone a realización dunha actuación illada de urbanización, denominada SX-VIAU20. Prioridade Q1, a obter a cargo do Concello, recóllese o seu custe no estudo económico-financiero do PXOM. Estamos pois, diante dunha actuación de sistema xeral a acometer polo Concello de Carballo. A estimación do custe do solo é de 0€, e a do custe de execución é de 80.500€. Dispoñemos de catro anos para a súa realización, pero de momento nada se fixo (**parte pintada de amarelo fluorescente no plano que adxuntamos**).

Por outra banda, visto o proxecto con detenemento, observamos que non se pode executar dita obra tal e como figura no mesmo, posto que unha parte da obra ocupa

terreo privado no polígono UU-R20 (**parte pintada de verde no plano que adxuntamos**).

O polígono UU-R20 figura na relación de actuacións en áreas de solo urbano non consolidado como de prioridade Q3, é dicir, a desenvolver en 12 anos.

A superficie neta da área de reparto é de 17.248,97m², e a superficie neta do polígono para uso residencial é de 7930,97m²

En canto ás cesións estipuladas no área, dicir que a superficie de espazos libres e zonas verdes é de 9318m², a de equipamentos, de 0m², e a de viario-aparcamentos, tamén é de 0m².


O Grupo Municipal de Terra Galega sabemos que a día de hoxe, non existe a cesión ou compra dese terreo privado por parte do Concello de Carballo.

En virtude do anteriormente exposto, o Grupo Municipal de Terra Galega no Concello de Carballo, solicita ao Pleno, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Adquisición de todo o ámbito do polígono UU-R20, previa valoración do técnico municipal competente para poder:

- a) realizar as obras de “Reurbanización zona CEIP A Cristina,
- b) dotar nun futuro próximo, de infraestructuras básicas ao colexio de A Cristina, posto que na actualidade carece delas, mentres no resto de colexios do casco urbano, e incluso nalgúns dos ubicados na zona rural, si dispoñen de infraestructuras básicas como pode ser un pavillón, e
- c) dotar a este ámbito de aparcamentos.


Carballo a, 6 de febreiro de 2018


Asdo.: Estefanía Canosa Castiñeira
Voceira de Terra Galega Carballo

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CARBALLO

- Terreos ao sur da estación de autobuses".

Propónese a realización dunha actuación illada de urbanización, denominada SX-VIAU20. Prioridade Q1 a obter a cargo do Concello. Se recolle así mesmo o seu custe no estudio económico financeiro do PXOM.



Imaxe cos servizos existentes

